



EXPOSICIÓN Laxeiro - Luis Seoane. Cruce de camiños. Debuxos 1930-1950

DATAS Do 19 de decembro de 2018 ao 17 de marzo de 2019

LUGAR Salas de exposicións do primeiro andar

COMISARIOS Silvia Longueira, Javier Pérez Buján

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane

HORARIOS De martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas
Luns pechado

INAUGURACIÓN Mércores 19 de decembro, 20:00 horas

Para máis información e solicitude de imaxes Emma Fernández Castro
emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

A Fundación Luis Seoane inaugura unha nova tempada expositiva cun proxecto que reúne a dúas das figuras máis importantes e influentes da arte galega do século XX: Luis Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979) e José Otero Abeledo, *Laxeiro* (Lalín, 1908-Vigo, 1996), dous artistas que contribuíron á dignificación e modernización da plástica galega a través da recuperación, revalorización e difusión de determinadas características presentes na arquitectura, nas tradicións populares, na natureza e na historia de Galicia, coas que construírían unha iconografía propia, mestura de todos eses elementos e tamén de influencias externas, desde a pintura de grandes mestres como Goya ou Rembrandt, no caso de Laxeiro, ata as Vanguardas Históricas europeas ou disciplinas como o deseño gráfico, no caso de Seoane.

Laxeiro-Seoane. Cruce de camiños. Debuxos 1930-1950 nace da colaboración entre a Fundación Luis Seoane e a Fundación Laxeiro, un proxecto que reúne unha selección de máis dun centenar de debuxos realizados entre os anos 1930 e 1950, dúas décadas fundamentais no desenvolvemento e posterior evolución da obra de ambos artistas. Comisariada por Javier Pérez Buján, director da Fundación Laxeiro, e por Silvia Longueira, directora da Fundación Luis Seoane, a mostra insérese nunha das liñas expositivas da institución coruñesa: a análise da evolución da plástica galega durante o pasado século, especialmente no que se refire á produción dos artistas do Movemento Renovador e, en determinados casos, as súas posibles confluencias estéticas ou temporais coa obra de Seoane.

Un destes casos é, desde logo, o de José Otero Abeledo, Laxeiro. Creador, ao igual que Seoane, dunha estética propia baseada na arte e nas tradicións populares, nas referencias á arquitectura da Idade Media, con especial prevalencia do Románico -a influencia das figuras do Pórtico da Gloria na obra de Laxeiro é dabondo coñecida-, a utilización da cor como medio de expresión, a reivindicación dunha identidade plástica específica, todos estes elementos achegarano ao pintor coruñés. Con todo, alén dunha relación de amizade que duraría décadas, as traxectorias e inquietudes de ambos artistas están moi distanciadas no plano artístico e intelectual.

O primeiro contacto entre Laxeiro e Luis Seoane prodúcese no ano 1934 en Santiago de Compostela. Seoane, xunto con Carlos Maside, organiza, en colaboración co entón Decano da facultade de Filosofía e Letras, a que sería a primeira exposición individual da obra do pintor de Lalín, unha pequena mostra que presentaba unha selección dunha ducia de óleos e debuxos que obtería unha boa acollida entre o público e a crítica. Cando ambos se coñecen, Seoane está nos seus comezos como artista, centrado principalmente no debuxo. Con todo, Laxeiro xa está inmerso no mundo da pintura, xa realizou obras fundamentais na súa produción como *Carnavalada* (1931), nas que é posible distinguir moitos dos trazos que caracterizan o seu traballo: a utilización de sepias e ocres para a construción das figuras, a ocupación do espazo pictórico, o emprego de temas populares. Obras nas que se percibe a influencia de Ignacio Zuloaga, cuxo traballo coñecería nunha exposición na Habana, Cuba, país dunha primeira emigración realizada en compañía da súa familia, e tamén das pinturas de Goya, artista ao que descubre xunto a Velázquez e Tiziano no Museo do Prado en Madrid, na súa etapa de estudante na Real Academia de Belas Artes de San Fernando.

A comezos da década dos 50, Luis Seoane é un exiliado político que leva máis dunha década establecido xunto á súa dona na súa cidade natal, Bos Aires. A actividade de Seoane na capital arxentina é frenética: pinta, grava, debuxa, ilustra, publica e diseña libros, realiza murais, escribe en revistas e traballa como divulgador cultural en compañía doutros exiliados coma él. Grazas a esta última faceta, entrará de novo en

contacto con Laxeiro, xa que, en 1951, a instancias do Centro Galego de Bos Aires, Seoane organizará unha gran exposición colectiva na Galería Velázquez que reunirá os traballos dos artistas galegos máis destacados do momento. A obra de Laxeiro obtén un enorme éxito de crítica e público, e o pintor non regresará a Galicia ata a década dos sesenta, mantendo a súa residencia en Bos Aires durante varios anos, onde se relacionará ao mesmo tempo con artistas arxentinos e galegos.

Se a presenza de Galicia, da súa historia e costumes, e a busca de vías novas para desenvolver unha arte nacional que se afastase desa imaxe pintoresca e costumista que predominara na arte galega durante o século XIX, foron punto de encontro entre as traxectorias de Seoane e Laxeiro, a maneira de achegarse ao feito pictórico, así como os aspectos intelectuais que forman parte dos procesos artísticos, mesmo as personalidades de ambos -Seoane, intelectual, polifacético e reflexivo; Laxeiro, vitalista, espontáneo e intuitivo- non poden ser máis dispares. A Laxeiro non lle interesa explicar a súa pintura desde un punto de vista teórico, senón o acto de pintar como forma de expresión fundamental, a pintura como forma de vida.

Para Seoane, con todo, os aspectos teóricos son indisolubles da práctica artística, como o son a variedade de soportes que utiliza e o trasvase constante das solucións que ofrecen determinadas disciplinas a cuestións formuladas por outras, como por exemplo o emprego da serigrafía como paso previo para a execución da súa obra mural, que á súa vez aportará achados técnicos e estéticos á súa pintura.

A EXPOSICIÓN

No que respecta á selección de debuxos que protagonizan esta exposición, o primeiro que resulta evidente é a marcada influencia que os movementos de vangarda que se están a desenvolver en Europa, especialmente en Francia e Alemania, teñen nos retratos que un novo Seoane realiza de escritores como Carlos Martínez Barbeito ou Ánxel Fole a comezos dos anos 30, caracterizados pola súa sinxeleza e por unha economía de recursos que, paradóxicamente, amosan un dominio sobresaínte da técnica, ou esa *Modista surrealista* realizada en 1941. Seoane debuxará ao longo de toda a súa vida, pero é nestes primeiros exemplos nos que se recoñecerán moitos dos trazos que caracterizarán a súa obra. Neles, distínguese unha gran variedade de temas, como a relación entre natureza e ser humano, a crítica política e social, os mitos clásicos, etc.

Seoane amosa nos seus debuxos todo aquilo que lle interesa ou lle chama a atención, volcando neles a realidade que lle rodea. Retrata, ata en tres ocasións, a unha novísima Maruja; a artistas e escritores como Juan Gris e Feliciano Rolán, así como a personaxes do seu tempo para a revista *Cabalgata*, como o *premier* británico Neville Chamberlain, as actrices arxentinas Delia Garcés e Juanita Sujo, a periodista e cantante de jazz Paloma Efron 'Blackie'... Ilustracións para libros, varias das imaxes incluídas no célebre álbum *Homenaje a la Torre de Hércules* e mesmo un pequeno conxunto de debuxos realizados con ceras de cores durante a súa estadía en Londres son algúns dos exemplos da destreza do artista galego neste soporte.

Unha disciplina, o debuxo, na que Laxeiro sobresaí e que, ao igual que no caso de Seoane, lle acompañará ao longo de toda a súa traxectoria. As obras presentes na exposición amosan a evolución de Laxeiro como artista, nelas aparecen moitos dos trazos estilísticos e temáticos que caracterizan a súa obra, como a estética granítica, o barroquismo e a influencia no trazo dos grandes mestres da pintura, así como a fidelidade a unha coherencia temática que da forma a un universo creativo facilmente recoñecible. A selección incluída nesta mostra recolle escenas populares poboadas por lavandeiras, pescantinas, campesiños e animais, pero tamén

a peculiar atmósfera dos cafés e faladoiros, dos que o artista era asiduo, así como un conxunto de escenas cotiás, de bosquexos realizados en interiores, algúns protagonizados por figuras durmidas que na súa sinxeleza son exemplo duha subtileza e unha técnica sorprendentes.

O Laxeiro máis recoñecible maniféstase nos debuxos de máscaras e carnavaladas, presentes no percorrido expositivo deseñado polos comisarios da mostra, pero tamén nos retratos, que ao longo da década dos corenta lle servirán como apoio económico, e nos que tamén aparecerán os seus compañeiros e amigos, como os artistas Carlos Maside e Álvaro Cebreiro. O propio artista, a súa familia, protagonizan algunhas das pezas da exposición, na que tamén destacan un conxunto de debuxos, algúns en cor, de paisaxes urbanas e industriais, e que, alén dos temas descritos, son exemplo da evolución dun creador que, no período que describe a mostra, xa pasou por varias etapas estéticas e acadou a súa madurez plena.

A exposición poderá visitarse na Fundación Luis Seoane ata o vindeiro 17 de marzo de 2019.

Pés de imaxe, de esq. a der.:

Laxeiro

Autorretrato, 1928

Lapis sobre papel

Colección particular

Laxeiro

S/T, 1937

Técnica mixta sobre papel

Colección particular

Luis Seoane

Retrato de Ánxel Fole, ca. 1932

Tinta chinesa sobre papel

Colección Fundación Luis Seoane

Luis Seoane

Mulleres, 1944

Tinta chinesa sobre papel

Colección Fundación Luis Seoane